



## Normativa sobre campus sen fume da Universidade da Coruña

### Preámbulo

1. O compromiso da Universidade da Coruña con Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU, e nomeadamente co Obxectivo Saúde e Benestar, recóllese no Plan Estratégico UDC 2022-2026 e refórzase coa recente aprobación polo Consello de Goberno do Plan de Vida Saudable e Benestar, unha estratexia con eixes e obxectivos operativos preferentemente dirixidos a fomentar a educación e promoción da saúde da comunidade universitaria. Coa norma sobre campus sen fume, a UDC dá un paso máis nesa dirección.

O Consello de Goberno da UDC reconece os riscos para a saúde pública e os problemas causados polo tabaco e dispositivos de vaporeamento e asume con esta normativa sobre campus sen fume o compromiso educativo e institucional de crear un ambiente saudable, sustentable e seguro, para que todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal docente e investigador, persoal técnico de xestión e de administración e servizos, e persoal externo contratado) e as persoas que a visiten poidan desenvolver axeitadamente o seu traballo.

Pero esta normativa non só protexe a saúde das persoas que conviven no ámbito educativo, senón que tamén contribúe de maneira significativa á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 das Nacións Unidas, por promover unha educación de calidade (ODS 4), unha contorna saudable (ODS 3), un consumo responsable (ODS 12) e a acción climática (ODS 13), ademais da protección dos ecosistemas e a creación de comunidades máis saudables (ODS 15) e sostibles (ODS 11). Así, demostrase como unha medida local, como o mantemento dun campus libre de fume, pode xerar un impacto global en favor do desenvolvemento sostible e o benestar colectivo.

2. O fume de cigarros convencionais, cigarros electrónicos e doutros dispositivos de vaporeamento afecta tanto ás persoas fumadoras como ás non fumadoras que o respiran involuntariamente, xa que contén produtos tóxicos e non existe un nivel de exposición ambiental seguro. Os espazos libres de fume melloran a saúde do conxunto das persoas fumadoras activas e pasivas. Douro lado, o estudo feito en 2020 polo Observatorio da AECC sobre espazos sen fume conclúe que o 47 % da poboación de entre 18-24 anos estaría a favor de que se ampliasen os lugares así considerados, e os campus universitarios son unha contorna positiva para se converter en espazos libres de fume na súa totalidade.

As leis vixentes fan prevalecer o dereito á saúde das persoas non fumadoras, ao regular os lugares públicos onde está vetada a venda e/ou o consumo de tabaco. Neste sentido pronúnciase a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, es as leis posteriores que a modificaron para incorporar novas medidas e normativas comunitarias, cuxo artigo 7.d) prohíbe fumar nos centros docentes e formativos, agás nos espazos ao aire libre dos centros universitarios e dos exclusivamente dedicados á formación de persoas adultas, sempre que non se trate dos accesos inmediatos aos edificios ou das

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





beirarrúas circundantes. No ámbito autonómico, o Decreto 75/2001, do 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco incide na mesma liña. Igualmente, a lexislación nacional actual sinala que as empresas están obrigadas a establecer medidas para protexer as persoas non fumadoras, na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e o Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

As medidas legislativas acompañanse dos Plans aprobados polas Administracións, como o Plan estatal integral de prevención e control do tabaquismo 2024-2027 e o Plan Inspira saúde en Galicia 2023-2027.

3. En uso da súa autonomía universitaria, a UDC quere sumarse ás iniciativas de campus sen fume da Universidade Carlos III (2021), universidade pública pioneira e referente nestas estratexias; da Universidade de Córdoba (2021); da Universidade de Vigo (campus de Pontevedra, 2022); da Universidade das Palmas de Gran Canaria (2023) e da Universidade de Alacant (2023), entre outras. Para elo, apróbase a presente normativa sobre campus sen fume, que se acompañará do desenvolvemento do *Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume*.

### Artigo 1. Espazos sen fume

Estarán libres de fume todos os recintos universitarios, en concreto no interior dos edificios e nos accesos inmediatos a estes, así como nas beirarrúas circundantes dentro dos campus. No resto dos espazos ao aire libre dos campus recoméndase non fumar.

O vaporeamento queda equiparado ao hábito de fumar tabaco para todos os efectos.

### Artigo 2. Medidas e responsables

Para favorecer a eficacia desta medida, adoptaranse polo menos as seguintes medidas prioritarias e principais:

a) Situaranse carteis na entrada dos edificios, especialmente das facultades e escolas, que os identifiquen como centros libres de tabaco, cigarros electrónicos e outros dispositivos de vaporeamento; e eliminaranse cinceiros e demais soportes para cabichas, como maneira de non fomentar o consumo.

A responsabilidade do cumprimento desta medida e o seu seguimento recaerá nos equipos directivos ou a persoa responsable do edificio universitario, que tamén terán ao seu cargo velar polo cumprimento do artigo 7.d) da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, que prohíbe fumar en centros docentes e formativos.

Colocaranse os mesmos carteis noutros accesos e espazos ao aire libre dos campus, ademais de noutros edificios universitarios. Nestes espazos, a responsabilidade do cumprimento desta

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCy1AKz+Z46eg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCy1AKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCy1AKz+Z46eg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





medida será da Xerencia, da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

b) Ofreceranse accións de sensibilización, formativas e de apoio ás persoas da comunidade universitaria que desexen deixar de fumar. Para isto contarase coa colaboración de entidades externas, como a Asociación Española contra o Cancro, no marco da Rede Española de Universidades Promotoras de Saúde (REUPS), entre outras, e coa participación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, a Oficina de Sustentabilidade e a UDC Saudable

### Artigo 3. Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume

1. A Universidade da Coruña contará cun Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume, cuxas liñas programáticas se definen no Anexo desta norma.

2. Os obxectivos do Plan son os seguintes:

- a) Potenciar os campus sen fume.
- b) Fomentar a norma social de non fumar nin vaporear.
- c) Sensibilizar e formar sobre os beneficios de non fumar nin vaporear, así como no tocante aos prexuízos que poida haber ao respecto.
- d) Facilitar o abandono da dependencia do tabaco e do vaporeamento.
- e) Protexer a saúde da comunidade universitaria evitando a súa exposición ao aire contaminado por fume de tabaco e outras substancias tóxicas.

3. Corresponde deseñar, avaliar e facer seguimento das accións dirixidas á consecución destes obxectivos á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, con apoio e colaboración do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, a Oficina de Sustentabilidade e a UDC Saudable.

4. O Plan implementarase no curso académico 2024/2025 no campus de Ferrol, polas súas características, e estenderase progresivamente aos diferentes espazos do campus da Coruña.

### Artigo 4. Responsabilidade

Esta normativa aspira a lograr os seus obxectivos a través da información, a concienciación e o apoio ao abandono do tabaco.

Porén, e sen prexuízo das infraccións e sancións reguladas na normativa estatal e autonómica fronte ao tabaquismo, o incumprimento desta normativa terá a consideración de falta leve prevista no artigo 10.4.b) do Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2023, ou no artigo 187 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e será sancionada con apercibimento. Se a conduta fose reiterada, será considerada falta grave e será sancionada conforme ao disposto nas referidas leis para as infraccións desa natureza.

### Disposición final. Entrada en vigor

A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO.

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42	
Observacións		Páxina	3/9	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Anexo

Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume

Exposición de motivos

A Universidade da Coruña (UDC) reconece os riscos para a saúde pública e os problemas causados polo tabaco e dispositivos de vaporeamento, e considera que, polas súas obrigas educativas e institucionais, debe crear un ambiente saudable, sustentable e seguro para que todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal docente e investigador, persoal técnico de xestión e de administración e servizos, e persoal externo contratado), así como aquelas persoas que a visiten, poidan desenvolver axeitadamente o seu traballo. Por iso, elabórase esta Normativa sobre campus sen fume da Universidade da Coruña (Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume), en colaboración conxunta coa Asociación Española contra o Cancro (AECC), para a promoción de espazos libres de fume, cuxa finalidade é mellorar a calidade de vida no relativo á saúde de toda a comunidade universitaria e aumentar a calidade ambiental da súa contorna.

O fume de cigarros convencionais, cigarros electrónicos e doutros dispositivos de vaporeamento afecta tanto ás persoas fumadoras como ás non fumadoras que o respiran involuntariamente, xa que contén produtos tóxicos e non existe un nivel de exposición ambiental seguro. Os espazos libres de fume melloran a saúde do conxunto das persoas fumadoras activas e pasivas. Doutro lado, [o estudo feito en 2020 polo Observatorio da AECC sobre espazos sen fume](#) conclúe que o 47% da poboación de entre 18-24 anos estaría a favor de que se ampliasen os lugares así considerados, e os campus universitarios son unha contorna positiva para se converter en espazos libres de fume na súa totalidade.

A iniciativa que se presenta é un plan para reforzar o recollido no Plan universidade libre de tabaco do ano 2004 e avanzar respecto ao seu contido, que amplía as áreas sen fume ata as zonas ao aire libre dos campus universitarios, *a priori* con carácter de recomendación. Xa que logo, para protexer a comunidade universitaria das consecuencias sanitarias e ambientais do consumo de tabaco e dispositivos de vaporeamento, ademais da exposición a estes fumes, recoméndase non fumar nin vaporear nas zonas ao aire libre dos campus –xardíns e áreas comúns, entre outras–, e queda expresamente prohibido fumar e vaporear nos interiores dos edificios universitarios, así como nos accesos e as beirarrúas circundantes, como establece a lexislación.

O Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume, establece ademais o desenvolvemento de accións formativas, de sensibilización e de apoio aos membros da comunidade universitaria que desexen deixar de fumar. Tamén o deseño e a posta en marcha de campañas informativas e de sensibilización sobre os riscos para a saúde do consumo de tabaco, coa axuda da Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde (REUPS) e a AECC, entre outras entidades, por medio do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, a Oficina de Sustentabilidade e a UDC Saudable. Estas medidas encádranse no obxectivo de desenvolvemento sustentable 3, no noso ámbito dirixido a conseguir unha universidade saudable e segura, para que sexa unha contorna de risco decrecente e se favoreza o benestar persoal a través dun medio en que se reduzan as emisións tóxicas, sustentable e san.

As leis vixentes fan sempre prevalecer o dereito á saúde das persoas non fumadoras, ao regular os lugares públicos onde está vetada a venda e/ou o consumo de tabaco:

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





### Marco legal no ámbito nacional

- Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

- Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Prohibición de fumar no artigo 7.d): centros docentes e formativos, agás nos espazos ao aire libre dos centros universitarios e dos exclusivamente dedicados á formación de persoas adultas, sempre que non se trate dos accesos inmediatos aos edificios ou das beirarrúas circundantes.

- Real decreto lei 17/2017, do 17 de novembro, polo que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. Traspón a Directiva 2014/40/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014 (dispositivos de vaporeamento).

- Plan integral de prevención e control do tabaquismo 2024-2027.

### Marco legal no ámbito autonómico

- Decreto 75/2001, do 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco

- Plan Inspira saúde en Galicia 2023-2027.

Igualmente, a lexislación nacional actual sinala que as empresas están obrigadas a establecer medidas para protexer as persoas non fumadoras:

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

- Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

A UDC súmase así a outras iniciativas de campus sen fume tales como as da Universidade Carlos III (2021), universidade pública pioneira e referente nestas estratexias; a Universidade de Córdoba (2021); a Universidade de Vigo (campus de Pontevedra, 2022); a Universidade das Palmas de Gran Canaria (2023) ou a Universidade de Alacant (2023), entre outras.

### Obxectivos do Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume

Para alén de facilitar o cumprimento da lexislación vixente cun compromiso institucional firme e decidido, sen propor estratexias punitivas máis alá das establecidas no marco legal nacional e autonómico, e con medidas especialmente de educación, concienciación e intervención, o Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume, ten os seguintes obxectivos:

- Potenciar os campus sen fume.
- Fomentar a norma social de non fumar nin vaporear.
- Sensibilizar e formar sobre os beneficios de non fumar nin vaporear, así como no tocante aos prexuízos que poida haber ao respecto.
- Facilitar o abandono da dependencia do tabaco e do vaporeamento.

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Protexer a saúde da comunidade universitaria evitando a súa exposición ao aire contaminado por fume de tabaco e outras substancias tóxicas.

Esta **normativa sobre campus sen fume** non só protexe a saúde das persoas que conviven no ámbito educativo, senón que tamén contribúe de maneira significativa á consecución dos **obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)** da **Axenda 2030** das Nacións Unidas, por promover unha educación de calidade (ODS 4), unha contorna saudable (ODS 3), un consumo responsable (ODS 12) e a acción climática (ODS 13), ademais da protección dos ecosistemas e a creación de comunidades máis saudables (ODS 15) e sostibles (ODS 11). Así, demóstrase como unha medida local, como o mantemento dun campus libre de fume, pode xerar un impacto global en favor do desenvolvemento sostible e o benestar colectivo.

Tomemos o campus universitario de Ferrol como exemplo da extensión do impacto do fume na universidade. Nun campus con aproximadamente 3000 estudantes, 250 PDI e 130 PTXAS, estímase que unhas 430 persoas son fumadoras, por atoparse na franxa de idade entre 18-25 anos. Todas elas xerarían aproximadamente 120 kg de CO<sub>2</sub> ao día, o que equivale a unhas 44 t anuais, debido ao consumo de cigarros convencionais, cigarros electrónicos e outros dispositivos de vaporeamento. Ademais, poderían xerar ao redor de 8560 cabichas por día, capaces de contaminar uns 428 000 l de auga diariamente, o que supón uns 156 000 000 l ao ano. A xestión adecuada destes residuos e a sensibilización sobre a súa incidencia ambiental resultan cruciais para concienciar a comunidade universitaria e mitigar problemas como os expostos.

A experiencia piloto na UDC iniciárase no curso 2024/25 no campus de Ferrol, Green Campus desde o ano 2018, polas súas características. Deseguida establecerase un cronograma para o desenvolvemento progresivo do Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume nos diferentes espazos do campus da Coruña, coa colaboración da AECC.

## Desenvolvemento e implantación do Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume

### 1. Campañas formativas e de sensibilización sobre os campus sen fume.

A UDC, por medio do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, a Oficina de Sustentabilidade e a UDC Saudable, e coa axuda da REUPS e a AECC, entre outras entidades, distribuirá periodicamente información relativa aos campus sen fume entre todos os membros da comunidade universitaria, á procura de os concienciar de maneira progresiva sobre a súa existencia e a necesidade de adaptarse a eles.

Esta campaña informativa versará sobre a normativa vixente relacionada co consumo de tabaco en centros docentes, as actividades que se desenvolverán para implantar os campus sen fume e diferentes comunicacións sobre o tabaco e a saúde, o tabaquismo pasivo e os lugares de traballo libres de tabaco, entre outros aspectos. Os medios que se utilizarán serán os propios da UDC: páxina web, circulares internas, taboleiros de anuncios, redes 2.0 etc.

### 2. Implantación do Plan universidade libre de tabaco, campus sen fume

#### 2.1. Sinalización das instalacións

En todas as entradas dos edificios universitarios colocaranse carteis que indiquen con claridade que se trata de centros libres de tabaco, cigarros electrónicos e outros dispositivos de vaporeamento. Encargaranse do cumprimento e o seguimento desta instrución, así como do cumprimento do artigo 7.d) da Lei 42/2010, do 30 de decembro, modificación da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, ben os equipos directivos das facultades e escolas, ben a persoa responsable do edificio universitario.

Asemade, e de inicio, colocaranse carteis informativos e de sensibilización para apoiar o proxecto da AECC «Respiro libre» nas entradas e outras zonas do campus de Ferrol desde o curso 2024/25, baixo o coidado da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e da Xerencia. Progresivamente esta acción estenderase ao resto de espazos do campus da Coruña, onde se atopará ao cargo dos membros do Consello de Dirección da UDC con competencias na materia. A sinalización vaise facer coa colaboración da AECC.

Cómpre notarmos que a lexislación impide fumar nos seguintes lugares:

a) Interiores e accesos:

- Na totalidade dos interiores dos edificios universitarios: facultades, escolas, edificios administrativos e comedores, almacéns, ascensores, aseos, auditorios, aulas, bibliotecas e salas de estudo, cafetarías, comedores, conserxarías, despachos, laboratorios, corredores, reprografía, salas de reunións, secretarías administrativas e académicas, e outros espazos interiores dos edificios universitarios.
- Na totalidade dos accesos inmediatos aos edificios universitarios e as beirarrúas circundantes, en concreto a menos dun raio de 10 m do límite periférico dos vestíbulos externos das entradas ou saídas nos edificios dos campus, ademais do límite periférico dos vestíbulos externos de edificios universitarios localizados en ámbito urbano.

b) Na totalidade das instalacións de complexos deportivos.

Así mesmo, recoméndase non fumar tabaco nin empregar cigarros electrónicos, nin outros dispositivos de vaporeamento nos espazos ao aire libre dos campus universitarios, xa que ademais dos efectos adversos que producen na saúde das persoas consumidoras, o tabaco e os dispositivos de vaporeamento tamén teñen efectos daniños para quen opta por non fumar, pero comparte espazo con elas

O Observatorio da AECC estima que, en Galicia, aproximadamente o 11 % das persoas entre 15-24 anos fuma a diario. Segundo afirma a Organización Mundial da Saúde (OMS, 2022) séguese expoñendo a poboación a moitas substancias tóxicas que poden chegar a producir cancro, entre elas, o fume do tabaco, que ten un alto contido de substancias tóxicas para a saúde, tales como: alcatrán, que causan cancro en múltiples órganos vitais (16 tipos de cancro); monóxido de carbono, que dana as arterias; substancias oxidantes, as cales producen bronquite crónica e irritación dos ollos, o nariz e a garganta; e nicotina, responsable da adicción que crea o consumo de tabaco, entre outras. Débese lembrar o perigoso que pode chegar a ser que unha muller embarazada fume, xa que a crianza pode ver minguado o peso esperado para a súa idade xestacional e, así mesmo, desenvolver a síndrome da morte súbita da lactante; así mesmos a nai pode ter un parto prematuro ou un aborto espontáneo por causa do tabaco, entre outras complicacións. Hai evidencias na mesma liña dalgúns efectos prexudiciais dos cigarros electrónicos e outros dispositivos de vaporeamento.

Ademais, as novas formas de consumo, como os cigarros electrónicos estanse afianzando entre a xente máis nova. Segundo a Enquisa sobre o uso de drogas no ensino secundario en España (ESTUDES) do Ministerio de Sanidade, o 54,6 % da poboación entre 14-18 anos probou este tipo de dispositivo algunha vez na súa vida. Do mesmo xeito, actualmente estanse promovendo sistemas electrónicos de administración de nicotina (SEAN) e sen nicotina (SESN) que tamén

Código Seguro De Verificación	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





poden ser prexudiciais polas substancias tóxicas que poderían conter os seus aerosois, aínda que resulten máis atractivos polos aromas engadidos e por falsas crezas.

As persoas fumadoras pasivas presentan alteracións respiratorias, cardíacas, otorrinolaringolóxicas e incluso cancro de pulmón. As fillas e os fillos de pais/nais que fuman padecen en maior proporción infeccións respiratorias, crises asmáticas e otites. A exposición pasiva ao fume do tabaco é especialmente daniña para as mulleres embarazadas, a mocidade e a infancia.

Os beneficios de deixar de fumar ou vaporear son numerosos e poden percibirse case de forma inmediata: vai aumentar o colesterol HDL, que comunmente se coñece como «colesterol bo», que protexe de enfermidades cardiovasculares; aos 20 min de deixar de fumar, a presión arterial e o ritmo cardíaco volven aos seus niveis normais; ás 8 h a concentración de osíxeno no sangue sobe ao seu nivel normal; ás 24 h diminúe xa de forma apreciable o risco de sufrir un infarto; ás 48 h melloran o gusto e o olfacto, ao comezar a rexenerarse as terminacións nerviosas. Douro lado, a dependencia física da nicotina desaparece 15 días despois do último cigarro, e pasadas de dúas a tres semanas melloran notablemente a circulación sanguínea e a función pulmonar; entre os 3-6 meses aumenta a capacidade de resistencia ás infeccións, mentres que entre 1-9 meses diminúen a tose, a conxestión nasal e a sensación de falta de aire. Ademais, aumenta a resistencia ás infeccións respiratorias, ao recuperarse os cilios bronquiais.

Logo do ano de deixar de fumar, o risco de padecer un infarto diminúe ata o 50 %; aos 15 anos de abstinencia, o risco de sufrir enfermidades chega a igualarse ao dunha persoa que nunca fumou; por último, as mulleres que deixan de fumar antes do embarazo ou nos tres ou catro primeiros meses, reducen o risco de ter unha crianza con baixo peso ao nacer e sufrir outras complicacións. En definitiva, sen tabaco hai máis vida e máis calidade de vida, xa que diminúe o risco de padecer tromboses ou embolias cerebrais, ademais de que se respira con máis facilidade e aumenta a capacidade pulmonar, diminúen a tose e a conxestión nasal, recupérase o gusto e o olfacto e mellórase o aspecto físico, entre outros aspectos relacionados co benestar.

En definitiva, polos motivos sinalados, entre outros, vétese fumar en todos os recintos universitarios, en concreto no interior dos edificios e nos accesos inmediatos a estes, así como nas beirarrúas circundantes dentro do campus. De igual maneira, recoméndase non fumar no resto de espazos ao aire libre dos campus. Os incumprimentos especialmente naqueles espazos en que a lexislación impide fumar, serán obxecto de sanción, aínda que o obxectivo principal deste plan é fomentar a sensibilización, a formación e a intervención para reducir o consumo de tabaco, de dispositivos de vaporeamento e similares.

### **2.3. Prohibición da publicidade que incite ao consumo de tabaco e da venda de tabaco en todos os edificios universitarios**

Seguindo o establecido no Decreto 75/2001, do 22 de marzo, en que se prohibe expresamente a publicidade e a venda de tabaco en todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, non se poderá vender tabaco en ningunha dependencia da UDC. Tampouco cigarros electrónicos, nin outros dispositivos de vaporeamento.

### **2.4. Apoio ao abandono do tabaco**

Para facilitar a implantación dos campus sen fume na UDC, poranse a disposición de toda a comunidade universitaria, con carácter gratuíto, obradoiros terapéuticos e outras intervencións para deixar de fumar, á vez que se facilitará a asistencia daquelas persoas fumadoras que o demanden.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Ofreceranse intervencións psicolóxicas para deixar de fumar que serán aplicadas por profesionais especificamente adestradas/os pola AECC en actuacións dirixidas á deshabitación tabáquica, entre outras accións terapéuticas de entidades externas e das persoas responsables da vixilancia da saúde do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, coa mediación deste último e da UDC Saudable. Ademais, porase en coñecemento da comunidade universitaria a existencia da aplicación [S'Acabó](#) do Ministerio de Sanidade. Tamén da aplicación [Respiraapp](#) da AECC.

### 3. Responsabilidade e sancións

O éxito deste plan dependerá da cooperación de todas as persoas fumadoras e non fumadoras da comunidade universitaria. É responsabilidade de todo o persoal e do estudantado da UDC adherirse e facer cumprir esta normativa.

Reiteramos que se trata dunha iniciativa que xorde sen a intención de aplicar sancións, coa excepción do incumprimento da prohibición de fumar nas zonas sen fume sinaladas pola lexislación autonómica e nacional, amais da normativa disciplinaria da UDC (como vimos, interiores, accesos e beirarrúas circundantes dos edificios universitarios). Establécese máis ben como medida de sensibilización, concienciación e intervención para a comunidade universitaria, en liña coa consecución dunha xeración libre de fume para a próxima década.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 19/12/2024  
A secretaria xeral

<b>Código Seguro De Verificación</b>	YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretaria Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/12/2024 10:25:42
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==">https://sede.udc.gal/services/validation/YBE5w1fD5PCylAKz+Z46eg==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

